

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE TRES BOLSAS DE VETERINARIO/A "APOIO ASISTENCIAL EN ÁREAS CLÍNICAS" NO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF CODINA

OBXECTIVO:

O Programa de Formación para Veterinarios/as do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) convócase ao abeiro do establecido no Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Fundación Rof Codina (FRC) e na addenda do mesmo.

Este programa está dirixido a mozos/as licenciados/as en veterinaria con experiencia en clínica veterinaria hospitalaria e o seu obxectivo é completar a formación en áreas clínicas con carácter asistencial, mediante unha estancia neste hospital docente durante un ano.

DURACIÓN E FUNCIONS:

A duración do programa será de 12 meses:

- De 1 de abril de 2018 ao 31 de marzo de 2019.
- Durante este período de tempo, o/a adxudicatario/a de a praza colaborará na actividade asistencial que se desenvolva no Hospital no servizo ao que sexa asignado/a, contando co respaldo dos/as profesores/as e dos facultativos propios do HVU-RC.

NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas é de tres (3):

- Unha no servizo de Cirurxía
- Unha no servizo de Diagnóstico por Imaxe
- Unha no servizo de Medicina Interna

Os/As candidatos/as seleccionados escollerán o servizo ao que serán asignados/as entre as vacantes existentes segundo a orde de clasificación obtida nas fases de selección.

PRAZO PARA A SOLICITUDE DAS PRAZAS:

O prazo de presentación será o marcado no calendario do proceso de selección descrito nesta convocatoria.

Toda a información relativa a esta convocatoria realizarase mediante anuncio na páxina web da Fundación Rof Codina e no taboleiro de anuncios da FRC.

REQUISITOS:

Para solicitar esta praza será necesario acreditar:

- Ser menor de 30 anos no momento de formalización da bolsa.
- Estar en posesión do título oficial de Graduado/Licenciado en Veterinaria.
- Ter a condición de colexiado/a, ou titulación que permita colexiarse nun Colexio Oficial de Veterinarios de España.
- Dispor da homologación do título de Licenciado/a ou Graduado/a en Veterinaria, se se obtivo no estranxeiro.
- Un ano como mínimo de experiencia asistencial en instalacións hospitalarias.
- Seis meses como mínimo de responsabilidade plena en servizo de urxencias veterinarias de pequenos animais.
- Estar en posesión do título de capacitación para dirixir instalacións de radiodiagnóstico no momento de formalización da bolsa ou declaración xurada de telo realizado.
- Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- Estar en disposición de cumprir cos requisitos propios do programa.
- Dedicación exclusiva, salvo actividades formativas oficiais de posgrao.

BOLSA:

A Fundación Rof Codina concederá a bolsa aos/ás alumnos/as solicitantes aos/ás que se lle adxudique a praza ofertada:

- A contía da bolsa por bolseiro/a será de 800 euros brutos mensuais, con "venia docendi".
- O beneficiario/a da bolsa non poderá recibir durante o período bolseiro outras axudas, nin realizar calquera outro tipo de actividade remunerada.
- A concesión desta bolsa non implica ningunha vinculación laboral ou doutra clase entre a persoa seleccionada e a Fundación Rof Codina, aínda que dará lugar á súa inclusión no convenio especial da Seguridade Social establecido no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

A solicitude de praza presentárase no rexistro da Fundación Rof Codina, segundo o prazo marcado no calendario do proceso de selección descrito nesta convocatoria.

A presentación de solicitudes farase **preferentemente de modo online, a través da ligazón publicada na páxina web da Fundación Rof Codina www.rofcodina.org.**

Admitiranse tamén solicitudes presenciais no rexistro da Fundación Rof Codina situado no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, Rúa Estrada da Granxa, S/N, 27002, Lugo.

A recepción da documentación solicitada deberá estar rexistrada antes de finalizar o prazo de recepción de solicitudes descrito nesta convocatoria. A documentación recibida despois de finalizar dito prazo non será admitida.

En ningún caso serán admitidas aquelas solicitudes que fosen presentadas por algún medio distinto ao indicado neste apartado ou fóra de prazo de presentación.

DOCUMENTACIÓN:

- Solicitude conforme ao impreso adxunto á presente convocatoria.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Expediente académico (para os candidatos de nacionalidade española, o expediente ten que estar baremado segundo o establecido no Real Decreto 1125/2003).
- Fotocopia do resgardo do título de Licenciado/Graduado en Veterinaria ou comprobante da homologación do mesmo.
- Fotocopia do Título de Capacitación para dirixir instalacións de radiodiagnóstico.
- Curriculum Vitae profesional onde se especificarán, cos seus respectivos documentos acreditativos perfectamente numerados, as titulacións, publicacións, cursos realizados e experiencia clínica práctica especialmente en Hospitais Veterinarios Universitarios.
- Fotografía recente.

COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

O proceso selectivo será efectuado polo Tribunal de Selección composto por:

- Director xerente da FRC, por delegación do Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, presidente da FRC.
- Director veterinario do HVU-RC.
- Os/As xefes de Servizo do HVU-RC.
- Unha/un facultativa/o do HVU-RC, escollida por sorteo entre os/as facultativos/as de cadro do HVU-RC que actúa como secretaria/o.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:

Primeira Fase

O Tribunal de Selección ordenará os candidatos segundo os criterios seguintes:

- Expediente académico: 30% da nota global.
- Curriculum Vitae: 65% da nota global.
- Outros méritos: 5% da nota global.

O tribunal poderá declarar desertas as prazas que considere cando non haxa aspirantes que reúnan os méritos suficientes.

Segunda Fase

Os/As candidatos/as seleccionados/as polo Tribunal na Primeira Fase serán convocados/as para a realización dunha proba que consistirá na resolución de casos clínicos e unha entrevista persoal.

ADMISIÓN DE CANDIDATOS/AS:

Unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes, publicarase a relación de aspirantes admitidos/as e unha lista xustificada de aspirantes excluídos, na páxina web da Fundación Rof Codina (www.rofcodina.org) e no taboleiro de anuncios da Fundación Rof Codina. Os/as aspirantes excluídos/as disporán de dous días hábiles para emendar as deficiencias atopadas na súa documentación. Finalizado este prazo o Tribunal reunirase e publicará os resultados da primeira fase e a convocatoria da segunda fase. Finalmente o tribunal publicará a proposta de resolución para a cobertura das tres prazas convocadas segundo a clasificación obtida nas dúas fases de selección.

Os/As candidatos/as seleccionados/as escollerán o servizo ao que serán asignados/as entre as vacantes existentes segundo a orde de clasificación.

LISTA DE SUPLENTES:

O Tribunal establecerá unha lista de suplentes ordenados pola súa puntuación obtida nas dúas fases do proceso de selección, que se fará pública coa proposta de resolución. Poderá ser chamado/a o/a candidata/a que forme parte de dita lista en caso de ser necesario cubrir algunha renuncia ou baixa. A lista de suplentes perderá a súa vixencia coa convocatoria dunha nova convocatoria da bolsa de “Apoio Asistencial en Áreas Clínicas”.

FORMALIZACIÓN:

Estenderase credencial de bolseiro/a a favor do/a candidato/a seleccionado, que asinará o compromiso de aceptar e cumprir as actividades formativas e o horario que se estableza. A non formalización da bolsa por parte do/a interesado/a no prazo que se estipule ao efecto, entenderase como renuncia á mesma.

RENUNCIAS:

As renuncias faranse por escrito alegando os motivos da mesma e dirixiranse á Dirección Xerencia da Fundación Rof Codina.

OBRIGAS DO/A ADXUDICATARIO/A:

O/A adxudicatario/a terá que dedicarse de forma exclusiva ao programa de formación e quedará suxeito/a ás seguintes obrigas:

- Aceptar, cumprir e facer cumprir o Regulamento de Réxime Interno do HVU-RC.
- Aceptar, cumprir e facer cumprir as instrucións recibidas da Dirección Xerencia, Dirección Veterinaria e Xefaturas de Servizo.
- Aceptar a normativa en vigor sobre Protección de Datos de carácter persoal.
- Responsabilizarse dos pacientes nas distintas fases de diagnóstico, tratamento e hospitalización, con presenza de alumnos/as.
- Estas prazas poderán realizar, eventualmente, por necesidades de servizo, cobertura de casos durante a tarde, noite e fins de semana.
- Participar no diagnóstico, tratamento e coidado dos pacientes, contando co respaldo dos/as profesores/as e facultativos/as propios do HVU-RC.
- Participar nas necropsias, toma de mostras e preparacións histolóxicas.
- Levar a cabo unha comunicación adecuada co cliente e os/as veterinarios/as referentes.
- Participar na instrución e supervisión de estudantes.
- Manter de forma oportuna e coidadosa o expediente médico do paciente.
- Manter en orde as instalacións logo de cada actuación, dando exemplo aos/ás estudantes.
- Participar regularmente nas xornadas, cursos ou seminarios convocados.
- Preparar polo menos dúas sesións clínicas baixo a supervisión dun/ha tutor/a.
- Respetar o segredo profesional: non está permitido dar calquera tipo de información sobre un paciente a un/ha veterinario/a ou a calquera outra persoa allea ao caso, incluídos os/as estudantes que non se atopan en rotación.
- Pertencer a un Colexio Oficial de Veterinarios.

O incumprimento dalgunha das obrigas establecidas dará lugar á perda da condición de adxudicatario/a da bolsa.

Se durante a realización do curso se producise algunha vacante, o HVU-RC poderá designar un/ha novo/a candidato/a da lista de suplentes, para que se incorpore a bolsa de apoio asistencia polo tempo restante até o remate do curso.

HORARIOS:

O/A adxudicatario/a da bolsa debe axustarse a todas as actividades docentes-asistenciais do HVU-RC. Aínda que existen uns horarios establecidos, estes poden variar por necesidades do servizo asistencial, pois dependen do ingreso de novos pacientes e da evolución dos mesmos.

- Horario: de 09:00 h a 14:00 h e 16:00 a 19:00 presencial de luns a venres.

- En quendas rotatorias dunha duración fixada pola dirección veterinaria, responsabilizaranse da recollida e procesamento das mostras do servizo de Anatomía Patolóxica.

VACACIÓNS E LICENZAS:

Os/As adxudicatarios/as do Programa terán dereito, previa solicitude (petición á Dirección Xerencia co visto e prace da Dirección Veterinaria) e posterior xustificación, ao goce dos permisos que a continuación se indican:

- Vacacións: 22 días laborais.
- Para a asistencia a congresos ou cursos realizados fose do ámbito hospitalario: 5 días hábiles.
- Para a realización dun exame por parte daqueles que realicen estudos para a obtención dun título oficial: o tempo indispensable, debendo xustificarse cun certificado oficial.
- Polo tempo indispensable para a asistencia ao médico, presentando e xustificando cita e asistencia.
- Polo tempo imprescindible para a solución de asuntos ou tramitacións que teñan relación directa co desenvolvemento habitual da súa actividade formativa.
- Por matrimonio de pais ou irmáns: un día natural que coincidirá co do evento e outros dous por cuestións de desprazamento.
- Por morte ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao por consanguinidade ou afinidade: 3 días hábiles.

Lugo, 9 de febreiro de 2018

enero 2018						
lu	ma	me	xo	ve	sa	do
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				
febrero 2018						
lu	ma	me	xo	ve	sa	do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28				
marzo 2018						
lu	ma	me	xo	ve	sa	do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

SOLICITUDE DE BOLSA PARA VETERINARIO/A “APOIO ASISTENCIAL EN ÁREAS CLÍNICAS”

Apelidos:		Nome:	
DNI:	Data nacemento:	Ano licenciatura:	
Nota media do expediente académico (RD 1125/2003):		Universidade:	
SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria de tres BOLSAS PARA VETERINARIO/A “APOIO ASISTENCIAL EN ÁREAS CLÍNICAS” do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, ao considerar que reúno os requisitos esixidos para tomar parte en devandita convocatoria.			
DENOMINACIÓN DA PRAZA Á QUE SE OPTA: BOLSA PARA VETERINARIO/A “APOIO ASISTENCIAL EN ÁREAS CLÍNICAS” (CONVOCATORIA 2018)			
RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN COA PRESENTE SOLICITUDE			Núm. Orde
Data e Sinatura:		Selo do rexistro de entrada:	
		Hora:	

EXCMO.SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN ROFCODINA

A Fundación Rof Codina, con domicilio social en Estrada dá Granxa S/N, 27002 Lugo, co fin de garantir un estrito cumprimento da normativa sobre Protección de Datos persoais e o exercicio dos seus dereitos persoais, infórmalle que os datos persoais que Vde. proporciónenos, así como os datos aos que esta Fundación teña acceso como consecuencia da presente convocatoria, do mantemento da relación que lle une ou lle poida unir con esta Fundación, do envío de comunicacións incluíndo as comunicacións electrónicas e da xestión integral da súa información persoal na Fundación, serán incorporados a varios ficheiros automatizados ou non, para o que Vde. presta o seu consentimento expreso, preciso e inequívoco. Devanditos ficheiros, foron debidamente inscritos ante o Rexistro Xeral de Protección de Datos. A Fundación garántelle en todo momento o dereito a coñecer os criterios e programas utilizados. A finalidade destes ficheiros responde á necesidade do tratamento da súa información persoal para a xestión tanto económica como administrativo-docente e de investigación así como para a realización de actividades de difusión e publicidade da Fundación. Todos os datos que se lle solicitan son obrigatorios e a negativa a fornecelos suporá a imposibilidade de concluír ou manter a relación que lle une coa Fundación. A Fundación infórmalle que a súa información poderá ser cedida en virtude das cesións obrigatorias establecidas na Lei así como a aquelas empresas, entidades ou organismos patrocinadores así como a través das publicacións ou accións de difusión realizadas pola Fundación para o que Vde. consente expresamente. A Fundación garante que adoptou as medidas oportunas de seguridade nas súas instalacións, sistemas e ficheiros, así como o tratamento confidencial dos Datos Persoais de conformidade coa lexislación vixente aplicable, aínda que, poderá difundir as características xerais dos proxectos empresariais presentados, e no seu momento, os nomes dos proxectos gañadores e os seus promotores. A Fundación garántelle en todo momento o exercicio dos seus dereitos de acceso, cancelación e oposición nos termos establecidos na lexislación vixente, dirixíndose por escrito e indicando o concreto dereito que desexa exercer a calquera das direccións anteriormente indicadas.